AUTORFOTO



Antonio Gamoneda durante a roda de prensa que deu onte na Coruña, onde tamén recitou os seus novos poemas

Gamoneda, **o admirador**

Antonio Gamoneda, un poeta que recoñeceu sempre a influencia dos escritores galegos, considera que o nivel medio da calidade estética da Literatura galega é superior á da castelá. Díxoo onte na Coruña, pouco antes de recitar os poemas inéditos do que será o seu próximo poemario. Hoxe recibe en Compostela o Premio de Escritor Galego Universal.

O poeta Antonio Gamoneda está estes días por Galicia –hoxe recibirá o premio de Escritor galego universal "polo seu "insubornable compromiso ético" e a súa "altísima" calidade poética"– e unha vez máis puxo de relevo a súa paixón pola Literatura galega: ao seu ver, o nivel medio da calidade estética da literatura galega é "superior" á da creación en castelán. Iso díxoo onte, durante unha roda de prensa á conferencia que clausurou a IV edición dos Encontros literarios cidade da Coruña, organizados pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), creadores tamén do galardón que recibirá hoxe en Compostela.

Gamoneda defendeu que lle encantaría" utilizar máis o galego, pero que non o fai "por respecto" a unha lingua que "ama" pero que, na súa opinión, non domina de forma "correcta". A pesar diso, o escritor confesou posuír "máis de dous metros de andel" de libros en galego, dos que recoñeceu que a obra de Rosalía de Castro sempre "tira algo máis que o resto". Así mesmo, o poeta leonés indicou que é un "inmenso agasallo" recibir o título honorífico por parte da AELG, á vez que recoñeceu que é unha "honra" ser recoñecido "como galego".

Xa pola tarde, Gamoneda ofreceu unha conferencia na sede da Real Academia Galega (RAG), onde leu ademais os seus novos poemas –inéditos ata agora– que posiblemente formen parte da súa nova obra, cuxo orixinal debía entregar á editorial "hai 4 meses", o que non puido facer ao perder "35 poemas" nunha viaxe a Barcelona. ● MARÉ